

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO**

Orde do 16 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento da distribución, loxística e promoción comercial, en réxime de concorrència competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

O Programa de Mellora da Competitividade para o Comercio Galego, conta, entre as súas medidas, un decidido apoio o asociacionismo comercial como vía moi adecuada para conseguir o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio. Neste senso, a mellora da distribución, loxística e promoción comercial teñen una relevancia determinante para o comercio galego e a vía do asociacionismo é capaz de dar resposta ao minifundismo comercial que impide a súa solución individualizada.

Polo tanto, establécense nesta orde una serie de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro coa finalidade de lograr, a través delas, o desenvolvemento do comercio galego e con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, que inclúe a oportuna consignación na aplicación 08.04.521-V.780.2 «Transferencias de capital. Familias e Institucións sen fins de lucro. Distribución, loxística e promoción comercial».

O contido desta orde de axudas axústase ao establecido no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142, do 23 de xullo), que recolle o réxime de axudas rexionais autorizada pola Unión Europea.

En virtude do exposto e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.**

1. Constitúen o obxecto destas axudas os investimentos dirixidos ao fomento da distribución, loxística e promoción do comercio e os produtos galegos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e dos mercados nacionais e internacionais.

2. Poderán acollerse a ditas axudas as asociacións de carácter territorial ou sectorial, sen fins de lucro, que estean legalmente constituídas, e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia ou ben calquera outra entidade representativa das pequenas e medianas empresas comerciais, sen fins de lucro, que pretendan levar a cabo proxectos de interese e transcendencia no ámbito comercial.

3. Cando o petionario sexa unha agrupación de persoas físicas o xurídicas deberase facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da axuda a aplicar por cada unha delas, que tendrán igualmente a consideración de beneficiarios. Nestes casos, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

4. Será incompatible a presentación de expedientes de subvención polo mesmo solicitante para a percepción de axudas recollidas nesta orde e a que regula as subvencións para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, así como aquelas accións que doten de capacidade competitiva os comerciantes dunha área comercial determinada, en desenvolvemento do plan de mellora da competitividade para o comercio galego.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.**1. Son actividades subvencionables:**

a) Accións que teñan por finalidade o fomento da distribución e desenvolvemento loxístico da actividade comercial.

b) Estudos de mercado realizados por empresas especializadas.

c) Publicidade, concretamente insercións nos medios de comunicación escritos, audiovisuais e soportes estáticos, que responda a un plan de medios preestablecido e orzamentado.

d) Organización de presentacións e actos promocionais externos con alugamento de salas e persoal de asistencia.

e) Edición e impresión de catálogos, displays, car-teis, produción de anuncios e elementos análogos.

f) Participación en feiras de carácter profesional, incluídas nas actividades que desenvolvan as entidades sectoriais que no teñan carácter exclusivamente comercializador e de venda polo miúdo, concretamente o alugamento de espazos e servizos, a montaxe e decoración de casetas, e o transporte de produtos o materiais por medios externos.

g) Participación en desfiles, pasarelas, exposicións, mostras ou eventos similares, incluídos nas actividades que desenvolvan as entidades sectoriais que non teñan carácter exclusivamente comercializados e de venda polo miúdo, concretamente a dirección e organización, o estilismo, os modelos e o transporte de coleccións ou mostrarios.

2. Non terán a consideración de subvencionables, para cada unha das accións realizadas, os seguintes conceptos:

a) Gastos de desprazamento, manutención e alugamento de persoal.

b) Gastos de mailings, mostras, regalos promocionais e os relativos á celebración de cocktails e actos análogos.

c) Os impostos recuperables ou repercutibles polo beneficiario.

3. As actuacións subvencionables comprenderán as executadas entre o 1 de xaneiro de 2005 e a data límite de presentación da xustificación da axuda, de acordo co artigo 8 desta orde. Podarán beneficiarse das axudas previstas, aquelas solicitudes que inclúan actuacións que, en función da súa especial natureza, se inicien no mes de decembro do ano 2004 e teñan continuidade ininterrompida no exercicio 2005.

Artigo 3º.-Contía e ámbito.

1. Para a concesión das axudas, propias dos investimentos que se convocan, destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria 08.04.521-V.780.2 «Transferencias de capital. Familias e institucións sen fines de lucro. Distribución, loxística e promoción comercial» dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Aplicación orzamentaria: 08.04.521V 780.2.

Ano 2005: 3.293.000 euros.

Estas cantidades poderán incrementarse en función das peticións presentadas e de acordo cas dispoñibilidades de crédito.

2. A contía da axuda que se outorgue non poderá superar o 50% do importe do investimento realizado, nin o 70%, no caso de que se lle acumulen outras axudas o subvenciones para igual fin.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes deberán dirixirse ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio e presentaranse no rexistro xeral da consellería ou en calquera das formas sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñen subscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Á solicitude de axuda, segundo o modelo normalizado do anexo I, deberá achegarse a documentación que a continuación se relaciona, por duplicado, en orixinal e copia compulsada:

a) Acta, estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, acreditación da súa ins-

crución no rexistro correspondente, se o houber, así como código de identificación fiscal.

b) Poder suficiente do representante da entidade solicitante.

c) Memoria-programa detallado, que conterá o orzamento desagregado por partidas das diferentes actuacións que se van realizar, plan de financiamento e calendario de execución.

d) Orzamento do exercicio corrente, sen incluír as partidas das actuacións subvencionables tramitadas.

e) Certificado expedido polo secretario da entidade que acredite o número de asociados que están dados de alta, dos que se achegará relación detallada en soporte informático, con inclusión do nome do titular e do establecemento, enderezo postal e telefónico, concretando, se é o caso, as empresas ou entidades participantes no proxecto e actuacións que se van desenvolver.

Nas actuacións para o fomento dos produtos ou artigos respecto dos que o ciclo completo de produción se desenvolva no ámbito da Comunidade Autónoma galega, presentarase certificación dos datos relativos á facturación e emprego das empresas participantes.

f) Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como xustificación de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que se formalizará mediante declaración responsable do interesado, de acordo co anexo II.

g) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao corrente no cumprimento de súas obrigacións tributarias e sociais, e de no ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa administración pública da comunidade autónoma.

3. O prazo de presentación das solicitudes será a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 15 de abril de 2005.

Artigo 5º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten o amparo do disposto nesta orde.

2. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos exixidos nesta orde, a entidade solicitante será requirida para que, nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento, rectifique a falta e acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese, terásese por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da citada lei.

3. Os órganos administrativos encargados do procedemento poderán reclamar das entidades solicitantes a documentación adicional que consideren oportuna.

4. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, o órgano instructor deberá emitir, como paso previo á valoración, un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establece no artigo anterior.

Unha vez informadas as solicitudes polo órgano instructor, procederase á avaliación destas por unha comisión de valoración, constituída para o efecto, composta por un xefe de servizo, un xefe de sección e un técnico da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

5. O conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, á vista dos informes de valoración, ditará a resolución de concesión ou denegación da axuda solicitada, que será motivada de acordo coas normas reguladoras, notificándose aos interesados e porá fin á vía administrativa.

A resolución estimatoria da solicitude de concesión de axuda expresará, polo menos, o obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da axuda concedida e a contía desta.

6. O beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, e para os efectos da optimización dos créditos dispoñibles. No caso contrario entenderase que renuncia á axuda concedida e procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda formalizarase mediante un documento asinado polo beneficiario no que este comprométese a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde de convocatoria de axudas e, se é o caso, na resolución de concesión desta.

7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, que se computará a partir da publicación desta orde.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución, lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 6º.-Criterios de avaliación.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión e contía das axudas, relacionados por orde decrescente de importancia, serán os seguintes:

1. Os proxectos que respondan a un plan xeral de fomento do comercio retalista ou sectorial.

2. O alcance das actuacións, atendendo tanto a súa difusión como a representatividade da entidade e, se é o caso, número de membros que as desenvolvan.

3. O fomento daqueles produtos ou artigos respecto dos cales o ciclo completo de produción se desenvolva no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e o número de empresas participantes no proxecto, así como o seu esforzo económico e o seu grao de participación neste, sexan especialmente relevantes.

4. A importancia estratéxica do sector económico ao que pertenza a asociación.

5. A maior achega financeira da entidade solicitante en relación ao investimento subvencionable.

6. Que o esforzo económico do sector sexa especialmente relevante no proxecto e que concorran outras administracións ou institucións públicas ou privadas no seu desenvolvemento.

7. O grao de execución e cumprimento da axudas ou subvencións concedidas en materia de comercio en exercicios anteriores.

Artigo 7º.-Modificación da resolución.

1. Toda a alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse para isto son os seguintes:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que acredítese a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, no supuxesen a denegación da axuda.

3. O acto polo que se acorde a modificación da resolución, ou se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente logo de instrución do correspondente expediente no que se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. O beneficiario deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto dous, cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

Artigo 8º.-Prazo dos investimentos, xustificación e pagamento.

1. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto da axuda e para xustificar o correspondente investimento será o 31 de outubro de 2005. Para iso o beneficiario deberá presentar por duplicado, ao través dalgunha das formas contempladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a documentación seguinte, preferentemente en orixinal ou, se é o caso, copia compulsada:

a) A que acredite a realización dos investimentos, acompañado dunha memoria explicativa de cada unha das accións realizadas, así como facturas en relación nominativa, agrupadas por actuacións subvencionables, segundo corresponda e facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto e importe en euros, especificando, se é o caso, o tipo de cambio aplicado, para pagamentos efectuados en moeda distinta.

b) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades da aplicación dos fondos á finalidade para que foron concedidos.

c) Xustificante das axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento de calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía. O importe das axudas reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o custo da actividade subvencionable.

d) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria onde deberá realizarse o pagamento, na que conste: díxito de control, código do banco, código de sucursal e código da conta corrente.

e) Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e de no ter pendente ningunha débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma gallega.

2. Os órganos competentes da Consellería de Innovación, Industria e Comercio poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala, poderá entenderse que renuncia á axuda.

3. A falla de presentación da xustificación implicará a anulación da axuda concedida.

4. A percepción da axuda terá lugar despois de que os servizos técnicos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, verifiquen a documentación xustificativa do cumprimento da realización do investimento e dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión. O libramento ao beneficiario farase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria.

5. A axuda minorarase proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior o orzamento que serviu de base para a resolución da súa concesión e sempre que estea garantida a consecución do obxecto.

Artigo 9º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao amparo do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte o da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, se é o caso, calquera outro, que estimen procedente.

Artigo 10º.-Obrigacións do beneficiario.

Son obrigacións do beneficiario:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinan a concesión ou desfrute da axuda.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, e que non ten pendentes de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que serán efectuadas polo órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicar á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos o recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 11º.-Reintegro das axudas.

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederase o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora desde o seu pagamento nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos do artigo 30 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos exixidos para súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impidan.

c) Incumprimento da finalidade, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento para a que foi concedida a axuda.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda.

2. Así mesmo procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con subvencións o axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario, ou se é o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable que se estableza.

3. O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades cos beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e seranlle de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 12º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da comunidade autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 13º.-Réxime xurídico.

En todo o non previsto nesta orde haberá que atermarse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada parcialmente pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentaria de Galicia modificada parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para cada exercicio, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvenciones públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 14º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia modificada parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Artigo 15º.-Publicidade.

Unha vez ultimada a concesión das axudas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención.

Disposición derradeira

Facúltase o director xeral de Comercio e Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2005.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O FOMENTO DA DISTRIBUCIÓN LOXÍSTICA E PROMOCIÓN COMERCIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN213A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		DOMICILIO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	
CIF Nº	DATOS BANCARIOS	BANCO	OFICINA	DC	Nº DE CONTA

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

EXPÓN:

Que considerando reunir os requisitos exixidos segundo se mostra na memoria programa e demais documentos que se achegan, e con expresa aceptación de todos os termos expresados na orde correspondente, solicita una subvención na contía que a continuación se relaciona:

FINALIDADE DO INVESTIMENTO: _____

ORZAMENTO DO INVESTIMENTO: _____

CONTÍA SOLICITADA (en euros): _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ ESTATUTOS, ACTA DE CONSTITUCIÓN, MODIFICACIÓNS POSTERIORES, SE É O CASO, ACREDITACIÓN DA SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO CORRESPONDENTE E CIF.
- ☐ PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- ☐ MEMORIA-PROGRAMA, ORZAMENTO DETALLADO, PLAN DE FINANCIAMENTO E CALENDARIO DE EXECUCIÓN.
- ☐ CERTIFICADO EXPEDIDO POLO SECRETARIO DA ASOCIACIÓN QUE ACREDITE O Nº DE ASOCIADOS QUE ESTEAN DE ALTA E RELACIÓN EN SOPORTE INFORMÁTICO DAS EMPRESAS PARTICIPANTES NO PROXECTO.
- ☐ DECLARACIÓN DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE ANEXO II.
- ☐ ORZAMENTO DO EXERCICIO CORRENTE, SEN INCLUIR PARTIDAS DE ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.
- ☐ CERTIFICACIÓNS EXPEDIDAS POLOS ORGANISMOS COMPETENTES, ACREDITATIVAS DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS, E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBEDA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.
- ☐ XUSTIFICACIÓN DE NON ESTAR INCURSA EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVIEMBRO, XERAL DE SUBVENCIONS, QUE SE FORMALIZARÁ MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE DO INTERESADO, DE ACORDO CO ANEXO II.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 16 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento da distribución, loxística e promoción comercial, en réxime de concorrència competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

SINATURA DO SOLICITANTE E SELO DA ENTIDADE

_____, de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Conse lleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO II

DECLARACIÓN SUBVENCIONES OU OUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DE SOLICITUDE E
DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN INHABILITACIÓN

D. _____ con DNI nº _____ en calidade de _____
Comparece en representación da entidade _____ con CIF _____

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- ☐ Non ter solicitado outras axudas para o proxecto obxecto de solicitude.
- ☐ Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto de solicitude:

CONVOCATORIA ⁽¹⁾	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	DATA	IMPORTE

- ⁽¹⁾ Indicar a Orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.
- ⁽²⁾ De non coñecerse o código de expediente, reflexar o programa ou liña de axudas do Organismo.
- ⁽³⁾ Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo comprométome a comunicar á Dirección Xeral de Comercio e Consumo calquera nova solicitude, concesión ou cobramento que se produza con posterioridade á presente declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s a esta solicitude.

- ☐ Igualmente declárase que o solicitante non está incursión en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

Asdo.: _____
O _____ de _____ de _____

Orde do 21 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria para o ano 2005, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, así como aquelas accións que doten de capacidade competitiva os comerciantes dunha área comercial determinada, en desenvolvemento do Plan de Mellora da Competitividade para o Comercio Galego.

O comercio exerceu historicamente un indubidable papel cohesionador da vida económica e social das cidades, o tempo que serve de garante no mantemento dunha oferta comercial ampla e de calidade nas zonas urbanas, non obstante resulta complexo se esas zonas non se fan o suficientemente atractivas. É un feito que a especialización e a mellora do nivel de servizo son aspectos esenciais para mellorar a competitividade do comercio urbano. Por isto no Plan de Mellora da Competitividade para o Comercio Galego, inclúe un programa específico: «Ordenación territorial do comercio», que recolle un conxunto de medidas entre as que é de subliñar: promoción de centros comerciais abertos como fórmulas modernas e actuais dentro das nosas cidades, e as actuacións nas concentracións comerciais e nos espazos de interese comercial que non responden ao modelo de centro comercial aberto, pero que non obstante cumpren un indubidable servizo en canto á diversificación da oferta e á satisfacción das necesidades cotiás da poboación residente.

O contido desta orde de axudas axústase ao establecido polo Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142, do 23 de xullo), que recolle o réxime de axudas rexionais autorizado pola Unión Europea.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e proceder a convocatoria para a concesión de axudas o subvencións para o ano 2005, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a fomentar unha oferta comercial ampla e de calidade en zonas onde a demanda está estancada, o que resulta complexo se esas zonas comerciais non se fan o suficientemente atractivas para os consumidores.

2. Poderán beneficiarse das axudas obxecto desta orde, as asociacións de comerciantes de carácter territorial, sen fins de lucro, que estean legalmente constituídas, e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia ou ben calquera outra entidade representativa das pequenas e medianas empresas comerciais sen fins de lucro,

no ámbito territorial e que pretendan levar a cabo proxectos de interese e transcendencia para o sector comercial no territorio galego.

3. Cando o beneficiario sexa unha agrupación de persoas físicas ou xurídicas deberase facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada unha das entidades, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Nestes casos, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas, que como beneficiario, corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

4. Será incompatible a presentación de expedientes de subvención polo mesmo solicitante para a percepción de axudas recollidas nesta orde e na Orde do 16 de febreiro de 2005, de promoción, distribución e loxística comercial.

5. Os solicitantes non poderán estar incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2.-Actuacións subvencionables.

1. Considéranse subvencionables as seguintes actuacións:

a) Actuacións para a creación, potenciación e consolidación de centros comerciais abertos (tales coma a realización de estudos, unidades xerenciais, creación e desenvolvemento de sistemas de fidelización, elementos de sinalización comercial, formación, promoción e animación comercial).

O investimento máximo subvencionable será de 150.000 euros, non obstante ningunha das accións que integran o proxecto poderá superar o 40% do orzamento total presentado.

b) Actuacións en concentracións comerciais nos espazos de interese comercial que non responden ao modelo de centro comercial aberto, por non contar cun número suficiente de empresas instaladas e unidade de imaxe e de xestión, como rúas ou eixes comerciais, zonas urbanas comerciais, centros comerciais de barrio etc..., que constitúen tamén unha forma de centralidade comercial e prestan un indubidable servizo en canto á diversificación da oferta e satisfacción das necesidades cotiás da poboación residente (tales coma elementos de sinalización comercial, formación, promoción e publicidade comercial, equipamentos e instalacións de organismos intermediarios, etc.).

O investimento máximo subvencionable será de 75.000 euros, non obstante ningunha das accións que integran o proxecto poderá superar o 40% do orzamento total presentado.

c) Actuacións concretas realizadas polas asociacións de comerciantes tales como: cursos de formación, actividades de información e orientación